

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>OBRADOIRO CEREBRO E PANTALLAS</b>
DESTINATARIOS	Nais e pais
DATA DE CELEBRACIÓN	Martes 29 de novembro. De 16.30 a 19.00
LUGAR DE CELEBRACIÓN	Aula de 2º da ESO
Nº ASISTENTES	32 nais e pais
DATOS DE INTERESE	<p>De novo contamos coa neuroeducadora María Couso, que impartiu un Obradoiro sobre "Cerebro e pantallas" Vivimos nun mundo onde a tecnoloxía introdúcese na vida das persoas cada vez a idades máis temperás e as pantallas acompañan as nosas crianzas dende o berce. Mais ¿sabemos realmente cales son as consecuencias cognitivas do seu uso nos primeiros anos de vida?</p> <p>Moitos pais, nais e profesionais, levados pola falsa creencia de que a tecnoloxía é sinónimo de desenvolvemento, introducen aos nenos neste mundo antes, polo feito de ser "nativos dixitais" pensando que xa están preparados de maneira diferente a cómo o estaban os cerebros das xeracións anteriores.</p> <p>De ahí a gran importancia de compartir a rigurosidade científica para que nos aporte luz neste asunto e que nos leve a posicionarnos de maneira crítica e reflexiva ante os acontecementos que nos rodean.</p> <p>O confinamento pola pandemia da COVID agravou o uso/abuso das pantallas. O peor de toda esta situación é que as consecuencias viviranse a longo prazo e, se cabe, xa será tarde.</p> <p>Neste obradoiro tomaremos conciencia de tódalas consecuencias cognitivas do uso de pantallas nunha idade temperá dende a base neurocientífica e polo tanto obxectiva e fiable.</p>
AVALIACIÓN	O Obradoiro foi moi interesante e dinámico. Tivo moi boa acollida e os asistentes xa preguntan polo seguinte Obradoiro de María Couso.

